

***PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE***

**CEIP DO BOLO**

## ÍNDICE

1. Introducción.
2. Base lexislativa.
3. Xustificación baseada no contexto.
4. Identificación e valoración das necesidades.
5. Determinación dos obxectivos.
6. Recursos.
7. Destinatarios.
8. Descrición das actuacións, medidas e/ou programas para a atención á diversidade.
9. Determinación dos criterios para a organización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas.
10. Concreción das actuacións dos distintos profesionais en relación ás medidas deseñadas para o centro.
11. Mecanismos de coordinación e colaboración internos, así como con outras etapas educativas e cos centros adscritos.
12. Canles de colaboración coas nais, pais, titores legais do alumnado e cos diferentes servizos externos ao centro.
13. Protocolos para a solicitude e/ou autorización das medidas extraordinarias.
14. Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan.
15. Anexos.

## 1. INTRODUCCIÓN

A realidade escolar do noso centro lévanos a deseñar un Plan de Atención á Diversidade co fin de planificar medidas educativas que faciliten unha resposta adaptada ás necesidades que presenta o alumnado escolarizado nel e, en especial, aquel con necesidades específicas de apoio educativo.

O modelo adoptado pola LOMCE, 2013 entende a atención á diversidade como unha necesidade que abarca todas as etapas educativas e a todo o alumnado; É dicir, trata de considerar a diversidade do alumnado como principio e non como unha medida que corresponde ás necesidades duns poucos.

Debemos ofrecer a todo o alumnado a axuda pedagóxica que necesite, axustando a intervención educativa á individualidade. Polo tanto, atender á diversidade, non é só atender as diferenzas individuais do alumnado, senón tamén poñer en xogo todos os elementos organizativos (materiais, espazos, agrupamentos, horarios, infraestrutura, coordinación docente, estratexias, etc.) en aras a cubrir as necesidades educativas especiais ou non especiais que presenten.

Polo tanto, o Plan de atención á Diversidade é unha ferramenta encamiñada a dar resposta ao conxunto global do alumnado, tanto ao que puntualmente presenta algún tipo de dificultade e necesita algún tipo de axuda, como ao que manifesta necesidades específicas de apoio educativo.

Neste último grupo, encadraríamos a aqueles alumnos/as que, por distanciarse en gran medida do currículo que se propón para o seu grupo, poden precisar, ademais de adaptacións dentro da programación da aula ordinaria, que o currículo se modifique máis ou menos “significativamente” e, por este motivo, poden chegar tamén a requirir propostas organizativas diferenciadas e recursos persoais de apoio, menos ou máis especializados.

Polo tanto, o gran reto que temos plantexado dende a escola é a **inclusión**, e dicir, a transformación da organización escolar para dar resposta educativa a diversidade:

- Para que acolla a todos os nenos e as nenas.
- Para que cada quen teña éxito nas aprendizaxes.
- Para que a educación compense as desigualdades.
- Para lograr cambiar as actitudes de discriminación se as houbera.

- Para que cada membro da nosa escola dispoña dos recursos que precisa

En resumo, para crear unha comunidade que acepte a todos e todas e na que todos colaborem na construción dunha sociedade integradora: **educación de calidade.**

1. Adaptarse ás características individuais e sociais de cada alumno ou alumna.

2. Ofrecer unha cultura común, respectando as peculiaridades de cada cultura propia.

Este plan vai encamiñado a **atender as necesidades do alumnado dende varios ámbitos.**

**- Alumnado:**

- Procurar que o alumnado alcance as competencias no maior grao posible.

- Todo o alumnado debe de aprender xuntos a apreciar as súas fortalezas e valorar as diferenzas como algo positivo.

- O alumnado con necesidades educativas deben ter unha resposta adecuada e de calidade que lle permita alcanzar o maior desenvolvemento persoal e social.

- Alumnado debe participar na convivencia e o respecto os demais como eixo do comportamento.

**- Profesorado:**

- Potenciar a participación do profesorado nas decisións do centro.

- Organizar os recursos necesarios que permitan a cada alumno/a aprender: axustar a organización do centro as necesidades do alumnado-

- Planificar propostas educativas diversificadas de organización, procedementos, metodoloxía e avaliación adaptadas as necesidades de cada alumno, que favoreza a aprendizaxe de todo o alumnado na súa diversidade (Detectar canto antes sexa posible as dificultades no proceso de aprendizaxe e darlle respostas adecuadas as súas dificultades, así como establecer cauces de colaboración entre os diversos profesionais que interveñen cos alumnos/as para levar adiante as medidas que se teñan que tomar).

- Emprego das metodoloxías apropiadas para atender a diversidade. (potenciar o traballo cooperativo e a axuda entre compañeiros, traballar con grupos heteroxéneos en proxectos comúns, crear un ambiente propicio para a interacción entre alumnos dentro da aula: cohesión do grupo; proporcionar o coñecemento das diferentes realidades do alumnado, favorecendo o pensamento crítico e fomentar o diálogo nas aulas como

recurso para expresar ideas e escoitalas, para aprender a pensar.

- Fomentar o intercambio de experiencias e formación para conseguir unha innovación educativa para atender a diversidade.
- Evitar todo tipo de discriminación.
- Fomentar a acción tutorial eficiente como primeira medida de atención a diversidade.
- Preparar ao alumnado para o afrontamento positivo do conflito, tomado como oportunidade para mellorar as relacións.

#### **- Familias:**

- Potenciar a participación das familias nas decisións do centro.
- A convivencia no centro, as actitudes dialogantes e a colaboración han ser os valores sobre os que se establezan as relacións entre familia e centro.
- Implicar ás familias nas aprendizaxes dos seus fillos.
- Participar co profesorado e informarse da avaliación das aprendizaxes dos seus fillos/as.
- Participar nas titorías dos seus fillos.
- Colaborar aportando toda aquela información necesaria para mellorar as aprendizaxes dos seus fillos.

#### **- Relacións co entorno:**

- Fomentar as relacións coas institucións , asociacións....que colaboran co centro.
- Buscar todo tipo de recursos que podan axudar a levar adiante o plan .

Este curso acordouse facer apios na aula ordinaria. e nos casos en que necesiten maior atención individualizada realizaranse fóra da aula.

A resposta educativa ofrecida é responsabilidade de todo o profesorado e demais sectores da comunidade educativa.

## **2. BASE LEXISLATIVA**

- Lei Orgánica 8/2013, de 9 de diciembre, para a Mellora da Calidade educativa.

(BOE de 10 de decembro).

- Lei Orgánica 2/2006 de maio de Educación. (BOE de 4 de maio).
- Lei orgánica 8/1995 de 3 de xullo reguladora do dereito á educación (coas modificacións realizadas pola LOE, 2006 nos artigos 4, 5.5, 6, 7, 8, 25, 31,36.1, 57 e 62 e la LOMCE, 2013 no artigo I).
- Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG. nº 79, do 27 de abril de 1998).
- Decreto 254/2012, do 13 de decembro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais (DOG do 30/01/2003).
- Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998. (D.O.G. do 31 de xullo).
- Orde do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do dictame de escolarización (D.O.G. do 19 de decembro de 1996).
- Orde do 28 de outubro de 1996 pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibiliza-la duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de sobredotación intelectual. (D.O.G. do 28 de novembro de 1996).

- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. (D.O.G. do 21 de decembro de 2011)
- Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral (D.O.G. nº 213 do 7 de novembro de 1995).
- Orde do 20 de febreiro de 2004 que se establecen as medidas de atención específica ó alumnado procedente do estranxeiro. (DOG nº 40 do 26 de febreiro).
- Real Decreto 943/2003, de 18 de xullo, polo que se regulan as condicións para flexibiliza-la duración dos diversos niveis e etapas do sistema educativo para os alumnos superdotados intelctualmente. (B.O.E. do 31-7-2003).
- Decreto 374/1996 de 17 de outubro polo que se aproba o Regulamento Orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria.
- Orde do 22 de xullo de 1997 que desenvolve o anterior Decreto.
- Real decreto 1630/2006 de 29 de decembro polo que se establecen as ensinanzas mínimas para a Educación infantil. (BOE do 4 de xaneiro de 2007).
- Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 23 de xuño de 2009).
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 23 de novembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.(DOG 30 de novembro de 2007)
- Circular 18/2002 pola que se ditan instrucións da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional para unifica-las actuacións e establece-las accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional do ensino non universitario da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2002-2003.
- Circular nº 17/2003 da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa e da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unifica-las actuacións e establece-las accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional do ensino non universitario da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2003-2004.
- Circular nº 23/2004 pola que se ditan instrucións da Dirección Xeral de Centros

Ordenación Educativa e da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais para unifica-las actuacións e establece-las accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional do ensino non universitario da Comunidade Autónoma para o curso 2004-2005.

- Circular 20/2005 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia para o curso 2005-2006.
- Circular 17/2006 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia para o curso 2006-2007.
- Circular 18/2007 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia para o curso 2007-2008.

### **3. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO.**

#### **O centro educativo:**

O CEIP O Bolo está situado nunha zona do rural da provincia de Ourense, concretamente na aldea do Bolo, que é cabeceira do Concello. Xeográficamente, este Concello está situado na parte oriental da provincia, nunha zona de montaña con núcleos de poboación dispersos entre sí e pouco poboados cunha escasa infraestrutura e con poucos transportes públicos.

É un centro de titularidade pública dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e as súas dependencias agrúpanse nun so edificio de dúas plantas.

O horario do centro é de 09:30 horas a 15:15 horas e ofértanse as etapas educativas de



Educación Infantil e Primaria, os servizos complementario de transporte escolar e comedor escolar, así como actividades extraescolares organizadas polo concello.

No que ás relacións coas institucións locais se refire, o centro mantén moi boa relación con cada unha delas, levando a cabo moitas actividades conxuntas.

O número de alumnado do centro é reducido e a gran maioría procede de familias de clase media, media-baixa; a maioría son galego falantes; adican o seu tempo de lecer a actividades extraescolares, e a pesar de contar con pouco alumnado o número de ANEAE é significativo.

En canto ás familias do alumnado, no que ao nivel cultural se refire, é moi variado, de modo que distintas identidades e niveis de cultura conviven nunha mesma comunidade de aprendizaxe; a maioría son galego falantes; comparten como mínimo tres veces no curso unha titoría co mestre titor/a; teñen unha boa relación co centro, interesándose polo traballo escolar dos seus fillos/as, axudando na adquisición de hábitos de estudo, e a pesar de que a gran maioría ten traballo hai un número significativo de alumnado con carencias económicas.

En canto ao profesorado do centro, na actualidade o centro conta con catro mestres a xornada completa no centro e tres mestres itinerantes; a gran maioría do profesorado é provisional; a lingua empregada co alumnado é maioritariamente o galego, aínda que a maioría considera necesario impulsar o emprego do castelán e a competencia lingüística do alumnado na lingua galega; a gran maioría do profesorado considera que a relación laboral é satisfactoria e a convivencia entre os compañeiros é tamén boa; a totalidade do profesorado participa en actividades de formación.

#### **4. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES.**

A detección e valoración das necesidades realízase mediante as seguintes actuacións: avaliación inicial, sesións de avaliación e avaliación psicopedagóxica.

A partir das distintas avaliacións realizadas durante o curso obteranse unha serie de datos e, en función deles, axustarase a resposta educativa.

A principios de curso, segundo a orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación na educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, o profesorado titor realizará a avaliación inicial e establecerá o nivel de competencia curricular do

alumno/a en colaboración co resto do profesorado implicado no grupo. Mediante a mesma detectará as posibles necesidades específicas de apoio educativo. Se existen estas o comunicará a xefa do Departamento de orientación.

Os posibles signos de alerta poden estar relacionados con:

- Dificultades para interiorizar e procesar a información que recibe a través da modalidade visual.
- Dificultades para interiorizar e procesar a información que recibe a través da modalidade auditiva.
- Dificultades no desenvolvemento da linguaxe.
- Dificultades ou limitacións para realizar movementos que poden condicionar o desenvolvemento doutros ámbitos.
- Dificultades de conduta: posible problemática relacionada co Trastorno por Déficit de Atención con ou sen Hiperactividade, outras.
- Indicadores de risco social.
- Indicadores dunha posible problemática relacionada co Trastorno xeneralizado do desenvolvemento.
- Dificultades no desenvolvemento cognitivo.

O profesorado titor realizará unha demanda de intervención por escrito que se concretará no cuestionario a tal efecto.

Recollida a demanda, a partir da información rexistrada polos profesionais mencionados, a persoa responsable do Departamento de Orientación revisará as medidas que se estean levando a cabo e asesorará no deseño das posibles medidas de reforzo encamiñadas a solucionar as dificultades no proceso de ensino -aprendizaxe. Nun principio tentarase de dar resposta ás necesidades do alumno/a dentro das medidas ordinarias.

Así mesmo planeárase unha hipótese sobre cál pode ser o problema, e realizarase unha avaliación que terá como fin coñecer as necesidades globais para a ensinanza -aprendizaxe do alumno/a e a toma de decisións para planificar a resposta educativa nas áreas que se considere que deben ser melloradas.

Previamente á avaliación psicopedagóxica, a orientadora comunicarllo ao director do centro e o titor/a contactará coa familia, que dará o permiso pertinente a realización da mesma. Esta avaliación psicopedagóxica estará encamiñada a articular as medidas pedagóxicas oportunas. Resultado da mesma será o informe psicopedagóxico, no que,

entre outras, se recollerán as medidas de atención para dito alumno/a. No mesmo se establecerán as necesidades específicas de apoio educativo así como os recursos e medidas de carácter extraordinario, indicando si son temporais ou permanentes. Estas decisións poden ser relativas á proposta curricular, á modificacións no contexto educativo, á provisión de axudas persoais, materiais e modalidade de apoio e, por último, á colaboración coa familia. Periodicamente levarase a cabo un rexistro dos avances e a revisión das medidas adoptadas para introducir os axustes necesarios.

No caso do alumnado de nova incorporación, realizarase unha entrevista coa familia do alumno/a previa a súa escolarización na que se recadarán os datos máis importantes referidos a evolución do neno/a.

Cando se identifiquen determinados alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo asociadas a discapacidade física, sensorial..., se lle pedirá aos pais a documentación que así o acredite. Esta situación poñerase en coñecemento do Equipo Directivo que, a súa vez, o comunicará ao servizo de inspección para que llo transmita o EOE co fin de realizar un ditame. Axuntarase un informe do departamento de orientación do centro.

Non se trata de etiquetar ao ANEAE, sen máis, senón de ter en conta todas as variables que poidan influír na súa aprendizaxe, de tal forma que, tras unha valoración da situación nun marco educativo concreto, se articulen todas as medidas pedagóxicas que se poidan aplicar no ámbito do centro.

Hai que resaltar que, en moitas ocasións, no proceso de avaliación psicopedagóxica trabállase de xeito coordinado cos profesionais sanitarios. É frecuente detectar indicios dun posible trastorno ou dificultade que debe ser abordado desde a área educativa e sanitaria simultaneamente. Nestes casos comeza o proceso como se explicou anteriormente, aínda que tamén pode ser que sexa o/a pediatra o que detecte sinais de alerta que requiran dunha intervención psicopedagóxica, procedendo posteriormente á derivación do alumno ao servizo que se considere oportuno.

Nestes casos pídeselle aos pais que soliciten un informe clínico para o centro educativo co fin de elaborar un plan de actuación e seguimento a nivel educativo. Por suposto estes datos serán postos en coñecemento do profesorado, que terán en conta a súa confidencialidade.

Na actualidade as necesidades que percibe o profesorado do centro son as seguintes, ordeadas de maior a menor consideración (prioridade), polo que é preciso:

1. Mellorar os índices de atención do alumnado respecto das explicacións do

profesorado e da realización das actividades

2. Incrementar o nivel de autonomía do alumnado á hora de aprender (competencia para aprender a aprender).
3. Mellorar o grao de implicación, motivación e de esforzo do alumnado.
4. Mellorar os índices de comprensión lectora e de expresión escrita do alumnado.
5. Incrementar a competencia do alumnado nos cálculos e resolucións de problemas matemáticos.
6. Mellorar a competencia comunicativa oral na lingua galega.
7. Mellorar a competencia comunicativa oral na lingua inglesa.
8. Desenvolver habilidades sociais no alumnado para que saiba resolver os conflitos.
9. Dar máis importancia á creatividade e á expresión plástica.
10. Mellorar o comportamento do alumnado á hora de comunicarse con outras persoas.

## **5. OBXECTIVOS**

Os obxectivos que se formulan e pretenden acadar con este PXAD, tomando como referencia as necesidades expresadas no epígrafe anterior, son:

1. Mellorar as competencias clave do alumnado priorizando:
  - a) A comprensión lectora e a expresión escrita do alumnado.
  - b) Incrementar a autonomía do alumnado e a súa competencia para aprender a aprender.
  - c) Incrementar a competencia matemática do alumnado.
2. Mellorar o nivel xeral de atención do alumnado e o seu compromiso (implicación, motivación e esforzo) na realización das actividades escolares.

Para acadar estes obxectivos, á súa vez, debemos:

- Servir de referente criterial para que o centro poida concretar anualmente o axuste das respostas educativas adecuadas a cada alumno e contexto.
- Facilitar ao centro, unha vez valoradas as necesidades educativas da diversidade do alumnado, a planificar e organizar os apoios e priorizar os recursos persoais de que se dispón, para axústalos ás necesidades.
- Prever unha planificación que permita introducir cambios ante novas necesidades que

poidan xurdir ao longo do curso. Servir de guía para identificar aqueles aspectos da atención á diversidade que precisen melloras cara o curso seguinte.

- Garantir a actuación coordinada de mestres e especialistas para a correcta aplicación das medidas de atención á diversidade.
- Proporcionar ao alumnado unha resposta educativa adecuada e de calidade que lle permita acadar o maior desenvolvemento persoal e social.
- Planificar propostas educativas diversificadas de organización, procedementos, metodoloxía e avaliación adaptadas ás necesidades de cada alumno.
- Establecer canles de colaboración entre o diverso profesorado que intervén co ANEAE.
- Organizar os recursos persoais e materiais do centro co fin de facilitar unha resposta educativa adecuada a todo o alumnado, especialmente aos que presentan necesidades específicas de apoio educativo.
- Fomentar a participación dos pais e implicalos no proceso educativo dos seus fillos/as.
- Fomentar a coordinación con institucións ou organismos externos ao Centro.
- Colaborar e asesorar na planificación de actuacións que melloren a convivencia escolar.

## **6. RECURSOS HUMANOS**

- Todo o profesorado do centro, en tanto que dá resposta a toda a diversidade do alumnado: Claustro e Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Profesorado titor.
- Profesorado de apoio.
- Profesorado Espacialista en Audición e Linguaxe.
- Director.
- Orientadora.
- Equipo de Orientación Específico (EOE) como apoio e asesoramento ao centro e valoración das necesidades educativas especiais do alumnado.
- Administración Educativa.
- Outros: Servizos Sociais, Servizos médicos...

É necesaria unha total coordinación de todos os recursos humanos existentes nos

diferentes ámbitos profesionais que podan incidir no campo educativo. A actuación inconexa e illada de profesorado titor e especialistas non cubre a finalidade educativa que as medidas de atención á diversidade perseguen.

## **7. DESTINATARIOS**

O destinatarios do PXAD son os que a continuación se relacionan:

- A totalidade do alumnado, diverso ante o proceso de ensinanza -aprendizaxe.
- Alumnado con necesidade específica de apoio educativo:
- Alumnado con necesidades educativas especiais, derivadas de condicións persoais de discapacidade física, psíquica, sensorial, ou de graves trastornos da personalidade ou da conduta.
- Alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe derivadas de ritmos lentos, dificultades importantes de aprendizaxe das técnicas instrumentais, falta de estimulación, falta de hábitos, dificultades da linguaxe...
- Alumnado con necesidades educativas especiais derivadas de altas capacidades intelectuais.
- Alumnado con situacións persoais sociais ou culturais desfavorecidas ou que manifeste dificultades graves de adaptación escolar:
- Alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo, que por factores sociais se atope en situación de desvantaxe respecto ao acceso, permanencia e promoción no sistema educativo (minorías étnicas ou culturais), así como, con descoñecemento ou coñecemento insuficiente das linguas da nosa comunidade ou con graves carencias nos coñecementos básicos.

## **8. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.**

Para acadar os obxectivos deste PXAD articúlanse as seguintes medidas:

- a) En relación co obxectivo referente á *mellora da comprensión lectora e da expresión escrita do alumnado*:

- Proponse a elaboración dun programa para a mellora da comprensión lectora, no que se consideren a ensinanza, a práctica e a aplicación da instrución realizada, usando estratexias como:

- Anticipación ao alumnado do que vai aprender mediante a lectura (*motivación*).

- Realización prácticas de modelado, verbalizando todo o proceso de cómo razoar mentres se vai lendo.

- Ensinanza para entender a estrutura dun texto narrativo (asunto ou historia, escenario, personaxes, problema, accións e solución) e a dun texto expositivo (idea, obxectivo pretendido e organización interna).

- Localizar a idea principal e para reparar nos detalles importantes da lectura.

- Entrenamento do alumnado na verificación de que o que vai lendo ten sentido; o que pode facerse mediante resumos, autoaclaracións, autopreguntas, predicións...

- Promoción de moitas oportunidades de practicar o aprendido, algunhas inmediatas ao proceso de ensinanza. Consideraranse a lectura en voz alta por parte do profesorado, a lectura conxunta alumnado-profesorado, a lectura en voz alta do alumnado, a realización de redes da historia (mapas conceptuais), a verificación do aprendido ou do lido (debates, preguntas orais, ...), etc.

- Uso de textos adaptados ao coñecemento previo do alumnado e ao seu vocabulario.

- Proponse o entrenamento da expresión escrita (escritura) ao mesmo tempo que a lectura, considerando:

- A escritura conxunta profesorado-alumnado, con estratexias de modelado (verbalizando con detalle todo o proceso).

- A promoción de temas sobre os que escribir.

- A promoción da revisión permanente dos escritos, verificando se se segue o plan inicial, se se conta o que se quere contar, se os grafemas se corresponden cos fonemas previstos, se a ortografía vai sendo a adecuada, etc.

- A posible publicación, cando menos caseira (para a aula e o centro), onde se coidarán a limpeza, as marxes, a separación dos parágrafos, a ortografía, a

puntuación, ...

- O uso dos textos propios como material de lectura.

b) En relación co obxectivo referente ao *incremento da autonomía do alumnado e da súa competencia para aprender a aprender*:

- Conexión das novas propostas de aprendizaxe co que o alumnado xa coñece e en contextos significativos para este.

- Practica insistente da técnica do modelado, verbalizando todos os pensamentos.

- Establecemento de rutinas sistemáticas (modelado autoinstrucional), tanto no que ten que ver co material necesario como co proceso de abordaxe dunha actividade (lectura rápida, lectura lenta, comprensión do vocabulario, identificación das partes e do obxectivo final, realización de esquemas ou operacións parciais, comprobación do feito e das respostas, etc.

- Promoción do traballo colaborativo, co intercambio de ideas, camiños e resultados entre o alumnado (titoría entre iguais).

- Prestación das axudas que o alumnado necesite, pero só as que necesite.

- Verificación das realizacións do alumnado coa máxima inmediatez.

- Oferta de moitas e diferentes ocasións para practicar o aprendido, promovendo o uso dos recursos tecnolóxicos.

- Practica de estratexias de autoavaliación por parte de alumnado e de coavaliación profesorado-alumnado.

- *Respecto polos ritmos de aprendizaxe* do alumnado, facilitando o tempo que cada alumna ou alumno necesite.

- Coidado permanente da autoestima do alumnado.

c) En relación co obxectivo referente á *mellora da atención do alumnado e do seu esforzo*:



- Atención individualizada do profesorado, con orientación permanente (antes, durante e despois das actividades de aprendizaxe).

- Consideración permanente das ideas previas do alumnado e da súa zona de desenvolvemento próximo, axustando o nivel de esixencia.

- Secuenciación da información (instrución).

- Axuste (incremento) dos tempos.

- Reiteración das explicacións, coa máxima variedade de recursos.

- Práctica do modelado e establecemento de rutinas de traballo.

- Consideración da opcionalidade e da elección do alumnado.

- Reiteración constante da importancia do que se vai aprender.

- Valoración do esforzo e potenciación da autoestima.

- Práctica da avaliación formativa.

- Titorías compartidas con profesorado de apoio

d) En relación co obxectivo referente ao *incremento da competencia matemática do alumnado*:

- Práctica frecuente do modelado, con oralización de todos os pensamentos.

- Práctica e esixencia do “rigor” expresivo, tanto oral como escrito.

- Práctica da explicación (aclaración) de calquera paso ou decisión.

- Promoción do uso dos recursos tecnolóxicos e multisensoriais.

- Elaboración dun programa de ensinar a pensar.

- No tocante aos problemas:

- Identificación do problema, do que conta, do que pide, dos datos que aporta.

- Representación do problema (esquemas, debuxos, ...).

- Reflexión (tanteo) sobre a posible solución.

- Exploración das alternativas e dos pasos (etapas) necesarios.

- Execución da alternativa elixida, coas operacións necesarias.

- Comprobación do resultado e dos pasos seguidos.

Para a consecución dos obxectivos propostos establécese como obxectivo o axuste dos

recursos educativos á realidade do alumnado, e a adopción de medidas ámbito xeral:

- Coordinación vertical e horizontal das programacións das diferentes áreas.
- Adaptación dos tempos e dos instrumentos de avaliación ás circunstancias do alumnado.
- Establecemento de criterios para a adscrición do alumnado.
- Establecemento de criterios para a adscrición do profesorado.
- Establecemento de criterios para a utilización dos servizos de apoio
- Elaboración dun modelo de solicitude de intervención da xefatura do departamento de orientación por parte do profesorado.
- Elaboración dun modelo de solicitude de intervención da xefatura do departamento de orientación por parte das familias.
- Elaboración dun programa para a acollida do alumnado e do profesorado de nova incorporación.
- Elaboración dun programa para a preparación do alumnado e das súas familias para a ESO.
- Deseño dun modelo no que planificar ás áreas dunha adaptación curricular.
- Elaboración dun programa preventivo de identificación do alumnado con necesidade específica de apoio educativo e das súas necesidades educativas.
- Oferta de medidas de reforzo educativo para o alumnado que repite curso así como para o alumnado que promocionou de curso sen ter acadados os obxectivos.
- Elaboración dun informe final de avaliación e de curso, por parte do profesorado titor, sobre as medidas de reforzo educativo aplicadas a cada alumna ou alumno.
- Oferta de medidas de apoio educativo de PT e/ou AL ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo que o requira.
- Elaboración dun informe final de curso, por parte do profesorado de PT e/ou AL, sobre as medidas de apoio educativo aplicadas a cada alumna ou alumno.
- Elaboración dun programa de habilidades sociais para o alumnado con comportamento disruptivo así como para o que se vexa temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro como consecuencia da imposición das medidas correctoras.
- Adaptación da competencia curricular ao alumnado procedente do estranxeiro que o

precise e/ou oferta de grupos de adquisición de linguas, na medida do posible.

- Oferta de adaptación do currículo ao alumnado con necesidades educativas especiais que requira esa medida.
- Oferta de redución do tempo de escolarización (flexibilización) ao alumnado con sobredotación intelectual acreditada.
- Oferta de ampliación do tempo de escolarización (flexibilización) ao alumnado con necesidades educativas especiais que se considere necesario.

Obviamente, as medidas citadas nos catro primeiros epígrafes cobran maior importancia cando se trata de alumnado con necesidade específica de apoio educativo, polo que o traballo do profesorado de apoio tratará de promover esas aprendizaxes, ao ritmo que o permita o alumnado ao que apoia.

Na concreción anual do PXAD relacionaranse as medidas concretas a aplicar ao longo de cada curso escolar. As de corte xeral deberían formar parte da estratexia metodolóxica do profesorado.

## **9. DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS.**

Coa finalidade de poñer en funcionamento e explotar o potencial das medidas propostas, establécense:

### **A. Criterios para garantir a coordinación vertical e horizontal das programacións das diferentes áreas:**

- Tomando como referente o currículo establecido para cada etapa educativa nos correspondentes decretos, o equipo do segundo ciclo de educación infantil e os equipos de nivel de educación primaria, baixo a dirección do seu coordinador ou coordinadora, elaborará a correspondente programación didáctica (artigos 56 e 57 do Dto. 374/1996).
- O profesorado de cada nivel elaborará a programación da súa área (programación de actividades e tarefas) partindo da concreción curricular do ciclo/nivel (artigo 58 do Dto. 374/1996 e Capítulo II, 2 da Orde do 22 de xullo de 1997). Esta programación deberá realizarse conxuntamente no caso de niveis que contén con máis dun curso ou grupo e

con profesorado distinto para impartir a mesma área.

- A comisión de coordinación pedagóxica (CCP) establecerá os criterios para que a concreción curricular das distintas etapas que se impartan no centro, de ser o caso, garanta unha continuidade das ensinanzas e unha coherencia das metodoloxías.

- A dirección garante o establecemento de tempos para a coordinación entre profesorado de nivel-aula, o profesorado que deixa un grupo co profesorado que o recibe.

### **B. Criterios para garantir a adaptación dos tempos e dos instrumentos de avaliación ás circunstancias do alumnado:**

- O profesorado deberá axustar os seus procesos de ensinanza e de avaliación ao que, de ser o caso, se estableza no informe psicopedagóxico de cada un dos alumnos ou alumnas que atende.

- A adaptación dos tempos e dos instrumentos de avaliación deberá constar na correspondente programación de área (medidas de atención a diversidade)

### **C. Criterios para promover a equidade na adscrición do alumnado (naqueles casos en que exista máis dun grupo)**

#### **CRITERIOS XERAIS DE AGRUPAMENTO**

O noso centro oferta dúas etapas, Educación Infantil e a Educación Primaria. A etapa de Educación Infantil conta cunha unidade que agrupa aos tres niveis, mentras que na etapa de Educación Primaria o alumnado é distribuído en dúas unidades; unha, que agrupa ao alumnado de 1º, 2º e 3º nivel, e outra unidade que agrupa ao alumnado do 4º, 5º e 6º nivel. A maioría do alumnado que se incorpora ao centro faíno ao iniciar a escolaridade, en educación Infantil.

Debido ao reducido número de alumnos non se fixan uns criterios específicos de agrupamentos pero sempre se tratará de rendabilizar os recursos humanos do centro (agrupamentos de materias optativas: relixión/alternativa), acostumar ao alumnado aos cambios: socialización, minimizar as diferencias ou rivalidades entre grupos, traballar a pertenza ao centro como criterio de identidade de todo alumnado, atender á diversidade, axudar a minimizar os problemas de conduta atopados, ademais de ter en conta se hai alumnado con dificultades e se hai alumnado con problemas de conduta.

En canto ao profesorado, o mestre titor iniciará a xornada, na medida do posible, co seu grupo de alumnos/as de referencia, sempre que o horario de adicación á área por parte dos distintos mestres especialistas así o permita impartindo dúas sesións seguidas das áreas instrumentais e evitará impartir máis dunha sesión por día da mesma áreas, agás nos casos de desdobres; os mestres especialistas en Educación Musical, Lingua Estranxeira e Educación Física terán que asumir a función de titor por non contar o centro con mestres coa especialidade de Educación Primaria; os titores permanecerán o maior número de horas cos alumnos da súa titoría; evitarase, na medida do posible, a entrada dun número excesivo de mestres nunha mesma tutoría; as sesións de Audición e Linguaxe coincidirán, sempre e cando sexa posible, coas sesións adicadas ás áreas de Lengua Castellana e Lingua Galega de cada titoría e a distribución horaria dos especialistas será o máis equilibrada posible, tendo en conta as características do centro.

Ademáis da distribución do alumnado por aulas, establecemos outro tipo de agrupamentos como grupos de traballo, obradoiros, grupos de apoio... Estes diversos modelos de agrupamento que adoptamos son unha dimensión esencial do noso PE.

Cremos que utilizar un único modelo de agrupamento, con independencia da diversidade de características do conxunto de alumnos e das actividades ensinanza aprendizaxe, limita o potencial enriquecedor do proceso educativo.

A diversidade de agrupamentos ao longo deste proceso cumpre varios obxectivos:

1. Proporciona un maior coñecemento e aceptación entre os alumnos.
2. Proporciona unha mellor explotación das actividades escolares
3. Constitúe un instrumento de adecuación metodolóxica ás necesidades do alumnado.
4. É un instrumento para ter en conta as diferencias individuais de aprendizaxe de cada persoa e favorece que cada un atope a súa forma máis idónea de aprender.

Para seleccionar os diversos tipos de agrupamento temos en conta:

- O modelo educativo do centro.(PEC)
- A observación real do alumnado e da predicción das súas necesidades.
- As posibilidades e recursos, materiais e humanos, do centro.
- A súa flexibilidade para adaptar os agrupamentos a certas actividades, áreas...

En resumen, cremos que é enriquecedor para o alumnado e para o grupo ter flexibilidade en canto aos agrupamentos, dependendo das características dos alumnos e das actividades que se realicen.

#### **D. Criterios para adaptar a distribución dos recursos humanos (profesorado) ao conxunto do alumnado:**

Tal como establece a *orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación infantil e primaria* no seu Capítulo V (DOG 2/9/97) será o **director** do centro no primeiro claustro do curso, a proposta do xefe de estudos, quen asigne ciclo/nivel, e grupo de alumnos a cada un dos mestres do centro.

Respectando os dereitos do profesorado e tratando de que este se acomode ás circunstancias do alumnado, na súa adscrición ás distintas titorías (cursos) na proposta, neste caso, do director do centro teranse en consideración os seguintes criterios:

1 Respetar o posto de traballo e/ou especialidade que cada mestre teña asignado pola súa adscrición ao centro.

2 No suposto que haxa varios mestres aspirantes ao mesmo curso a proposta farase de acordo coa seguinte orde de prioridades:

- Maior antigüidade como propietario definitivo no centro.
- Maior antigüidade no corpo como funcionario de carreira.
- Menor número de rexistro persoal ou de orde de lista.

3 Respetar o dereito de cada grupo de alumnos a manter o mesmo titor.

4 No caso de alumnado con adaptación curricular, deberán contar cun titor ou titora que permaneza o maior número de cursos con este alumnado.

5 A adscrición á restante oferta educativa realizarase de forma voluntaria e por orde de antigüidade. De non cubrirse toda a oferta, a adscrición realizarase a Comisión de Coordinación Pedagóxica, en base ao criterio de maior número de horas de libre disposición e menor antigüidade no centro.

7 O profesorado que forme parte do equipo directivo non será adscrito a ningunha titoría a non ser que sexa absolutamente necesario.

Excepcionalmente, cando a **xuizo do equipo directivo** existisen **razóns pedagóxicas** suficientes para obviar o criterio de permanencia co mesmo grupo de alumnos no nivel o director disporá a asignación do mestre a outro nivel, curso, área ou actividade docente, oídos o interesado e o claustro, e coa **conformidade da inspección educativa**.

Establecemos que como norma xeral **non é convinte que un mesmo titor/a continúe co mesmo grupo de alumnos ao cambiar de unidade** se xa estivo con ese grupo de

alumnos durante tres cursos.

Na elaboración de horarios, e na medida do posible, todo o profesorado contará con **dúas horas** para atender as gardas e demais incidencias. O resto das horas que excedan deberán formar parte da oferta educativa que se presente para a adscrición do profesorado ao comezo de curso, concretándose na prestación de apoio na aula ás unidades que así o demanden, priorizando os cursos inferiores fronte aos superiores e tendo en consideración:

1. Maior número de alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
2. Programas educativos específicos.
3. Maior número de alumnado con medidas de reforzo educativo.

**E. Criterios para a utilización dos servizos de apoio (PT e/ou AL):**

Entendendo por servizos de apoio ao profesorado especialista de PT e/ou AL, a distribución dos seus servizos realizarse atendendo aos seguintes criterios prioritarios:

1. Atenderase a aquel alumnado que así o aconselle a correspondente avaliación psicopedagóxica.
2. Atenderase ao alumnado obxecto dunha adaptación curricular.
3. Continuarase cos apoios realizados no curso anterior, priorizando de 1º a 6º.
4. En educación infantil só se apoiará en casos graves, determinados no correspondente informe psicopedagóxico.
5. Buscarase un apoio de calidade fronte a un de cantidade.
6. De ser o caso, atenderase primeiro aos RE que repiten curso.
7. O apoio será, salvo casos que necesiten unha terapia individual moi específica, dentro da aula ordinaria.
  - a. Cando ten que ser a reeducación fora da aula e se pode formar grupos, se fará seguindo as necesidades educativas tendo en conta que os obxectivos e contidos sexan similares.
8. Ao remate de cada curso, o profesorado de PT e/ou AL informará por escrito desas medidas, segundo o modelo de informe elaborado polo departamento de orientación.
9. De existir dispoñibilidade horario, atenderá ao alumnado con NE transitorias priorizando a intervención preventiva en educación infantil de 5 anos, 1º e 2º curso de educación primaria, nas competencias clave de lectura escritura e cálculo para solventar

as dificultades de aprendizaxe.

A Comisión de Coordinación Pedagóxica pode revisar estes criterios priorizando a atención dentro de cada un dos diferentes apartados.

#### **F. Criterios para a atención do alumnado por parte de calquera profesor/a do centro que realiza FUNCÍONS DE APOIO as dificultades (re)**

Calquera profesor do centro con dispoñibilidade horaria atenderá as dificultades de aprendizaxe do alumnado que pertence a súa aula ou a outra aula. Rexístrase esta medida como RE dentro do boletín informativo trimestral as familias. Os RE farase dentro da aula.

1. Calquera mestre que teña horario, pode facer RE ao alumnado con desfase curricular, coa excepción do alumnado de apoio atendido polos especialistas de PT e/ou AL .
2. O alumnado que repite ou que promocioe sen ter acadados os obxectivos será obxecto de RE.
3. Terá RE o alumnado con avaliación trimestral negativa nalgunha área.
4. O profesorado que imparte a área, informará ao mestre ou mestra titora do alumnado obxecto de RE na súa materia.
5. O profesorado titor informará á xefatura de orientación e á familia das medidas de reforzo educativo a aplicar.
6. Ao remate de cada curso, a mestra ou o mestre titor informará por escrito das medidas, segundo o modelo de informe elaborado polo departamento de orientación.
7. En infantil o realiza o profesorado de apoio, priorizando a atención ao alumnado de 3 anos.
8. A final de curso, se fará unha previsión dos apoios de cara ao curso seguinte, do mesmo xeito que se fan as previsións do resto dos apoios.
9. Os horarios de apoio realizados por persoal con dispoñibilidade horaria poden revisarse ao longo de todo o curso, dependendo das necesidades e demandas de atención ou de novas incorporacións ou baixas.
10. Priorízase o traballo dentro da aula. En casos excepcionais se non fora posible dentro da aula, se pon en coñecemento da dirección do centro e/ou orientación para



tomar medidas diferentes as plantexadas.

11. A persoa de apoio se coordina no seu traballo co profesorado titor e axuda na organización das actividades e na avaliación do alumnado.

O apoio en Educación Infantil será realizado polo profesorado de apoio:

- Realizará as adaptacións curriculares xunto co titor.
- Levará a cabo os programas de intervención.
- Elaborará, xunto co titor, os materiais necesarios para realizar o traballo de reforzo

#### **G. Criterios para a solicitude ou demanda dunha avaliación psicopedagóxica:**

Para a solicitude de avaliación psicopedagóxica por parte da xefatura do departamento de orientación establécese o seguinte procedemento:

1. A solicitude de intervención da xefatura do departamento de orientación poderá realizarse polo profesorado titor, pola familia ou polo propio Servizo de Inspección Educativa.
2. As solicitudes de intervención procedentes do profesorado titor ou da propia familia deberán realizarse por escrito, segundo o modelo de solicitude establecido pola xefatura do departamento de orientación.

#### **H. Criterios para a elaboración dun programa de acollida:**

O programa de acollida ten en consideración:

1. O alumnado que se incorpora por primeira vez ao centro, sexa por ser de nova escolarización, sexa por traslado desde outro centro.
2. O profesorado de nova incorporación.

#### **I. Criterios para a elaboración dun programa de preparación para a educación secundaria obrigatoria (ESO):**

O programa de preparación para a ESO deberá considerar:

1. O alumnado de 6º curso de educación primaria.
2. As familias do alumnado de 6º curso de educación primaria.
3. Coordinación co Instituto adscrito
4. A estrutura das ensinanzas de ESO.
5. A oferta educativa do centro de adscrición.

#### **J. Criterios para a elaboración dun programa preventivo de identificación do alumnado con necesidade específica de apoio educativo (ANEAE) e das súas**

**necesidades educativas:**

Os principios de prevención (detección precoz e intervención) deberán facerse operativos, entre outras medidas, mediante un programa de identificación precoz do ANEAE. O deseño e elaboración deste programa terá en consideración:

1. A súa aplicación debe abranguer á totalidade do alumnado.
2. Centrarase nos principais momentos evolutivos e/ou curriculares.
3. Dos seus resultados informarase ao propio alumnado, ao profesorado e ás familias.
4. Os resultados deberán usarse para orientar os programas (re)educativos.
5. O seu deseño, aplicación e xestión será responsabilidade da xefatura do departamento de orientación.

**K. Criterios para a elaboración dun programa de habilidades sociais:**

O programa de habilidades sociais, que ten como grandes finalidades a prevención de condutas disruptivas e ao alumnado que foi obxecto de privación de asistencia ao centro educativo, deberá contemplar:

1. Á totalidade do alumnado, á totalidade dos niveis.
2. Ser “traballado” polo profesorado titor e aplicado pola totalidade do profesorado.

**L. Criterios para a oferta de grupos de adquisición das linguas e/ou de adaptación da competencia curricular:**

Considerando o establecido na normativa que regula a atención ao alumnado estranxeiro, para a oferta de grupos de adquisición das linguas e/ou de adaptación da competencia curricular será necesario que se trate de alumnado procedente do estranxeiro no curso académico para o que se solicita a medida ou medidas e que:

1. Descoñeza as dúas linguas oficiais de Galicia –no caso dos grupos de adquisición das linguas- ou presente un retraso curricular de dous ou máis cursos con respecto ao nivel no que está escolarizado –no caso dos grupos de adaptación da competencia curricular-.
2. Non conte con adaptación curricular.
3. O centro educativo conte con profesorado con dispoñibilidade horaria para aplicar esa medida.
4. Exista un informe favorable do profesorado titor e outro da xefatura do departamento de orientación.
5. Sexan autorizadas pola xefatura territorial.

### **M. Criterios para a oferta de adaptación do currículo:**

Considerando o establecido na normativa que regula as adaptacións curriculares, a oferta desta medida ao alumnado axustarase aos seguintes criterios:

1. Trátase de alumnado con necesidades educativas especiais cun desfase curricular de dous ou máis niveis ou cursos con respecto ao nivel ou curso no que está matriculado.
2. Trátase de alumnado cunha discapacidade física ou sensorial que lle impida acceder a algún elemento do seu currículo de referencia.
3. Que esa medida se propoña no informe psicopedagóxico elaborado pola xefatura do departamento de orientación.
4. Que esa medida conte co acordo favorable na reunión inicial do equipo docente e a xefatura do departamento de orientación coa dirección do centro.
5. Que as áreas a adaptar se realicen no marco (modelo) acordado polo centro.

### **N. Criterios para o deseño dun modelo no que planificar ás áreas dunha adaptación curricular:**

As áreas dunha adaptación curricular deben seguir o mesmo modelo de planificación. Este modelo, que deberá consensuarse na reunión na que se adopte a decisión de adaptar o currículo dun determinado alumno ou alumna, deberá:

1. Facer visibles o currículo de referencia e o currículo adaptado.
2. Definir con precisión as competencias adquiridas respecto do currículo de referencia.
3. Considerar o grao de desenvolvemento das competencias clave e a súa avaliación.
4. Establecer con precisión os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación do currículo adaptado.
5. Realizar unha proposta dos recursos a usar.

### **O. Criterios para a oferta de flexibilización ao alumnado con altas capacidades intelectuais e ao que presenta necesidades educativas especiais:**

Os criterios para a redución ou ampliación do tempo de escolarización do alumnado identificado, respectivamente, con altas capacidades intelectuais ou con necesidades educativas especiais axustaranse ao establecido na normativa que regula esas medidas.

## **10. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN ÁS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO.**

Con este epígrafe trátase de recoller aquelas actuacións profesionais que permitan facer realidade as medidas propostas, non de establecer ou recordar as funcións que xa están debidamente reguladas. En consecuencia, enténdese que as medidas a poñer en marcha requiren os seguintes compromisos:

a) Por parte do equipo directivo:

Considerase de especial importancia a función do profesorado dentro deste plan e por isto polo que a dirección do centro coidará con especial esmero o tema da formación do seu equipo. Tratarase de conseguir unha escola inclusiva que se organice de tal xeito que todos os seus membros sexan quen de entender e atender a diversidade entendendo que a valoración das necesidades é unha tarefa conxunta entre todos os profesionais que traballan no centro.

Para levar este reto adiante o equipo directivo comprométese a detectar e modificar actitudes inapropiadas e organizar a nosa institución para lograr unha escola que recoñeza o dereito que todos temos de pertencer a unha comunidade, construír cultura e identidade propia cos outros, calquera que sexa o medio social, a cultura, ideoloxía, sexo, etnia ou situación persoal derivada de discapacidade ou mesmo sobredotación intelectual.

O equipo directivo deberá:

1. Garantir que se cumpren os criterios establecidos para a organización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas.
2. Diseñar un procedemento para que as concrecións curriculares das diferentes etapas garantan unha coordinación vertical e horizontal.
3. Dar cumprimento á proposta de prestación de apoio do profesorado de PT e/ou AL realizada pola xefatura do departamento de orientación.
4. Convocar e presidir as reunións de coordinación que se determinan no epígrafe correspondente.

b) Por parte do profesorado tutor:

1. Informar debidamente a cada unha das familias afectadas sobre as medidas propostas para o seu fillo ou filla, pedindo a súa autorización ou conformidade no caso das medidas que así o teñan establecido.

2. Solicitar as avaliacións psicopedagóxicas no modelo facilitado pola xefatura do departamento de orientación.

3. Realizar as convocatorias do equipo docente para a elaboración das adaptacións curriculares e para o seu seguimento e avaliación, levantando as correspondentes actas.

4. Colaborar coa xefatura do departamento de orientación e co profesorado de apoio de PT e/ou AL no posible axuste horario para a prestación dese servizo ao alumnado da súa titoría.

5. Realizar, ao final de curso e segundo o modelo facilitado polo departamento de orientación, o informe titorial de reforzo educativo do alumnado da súa titoría que foi obxecto desa medida.

c) Por parte do profesorado de PT e/ou AL:

1. Colaborar coa xefatura do departamento de orientación na distribución dos servizos de apoio do profesorado de PT e/ou AL ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

2. Elaborar o plan de traballo para o alumnado que atende, en colaboración co profesorado da área que corresponda e segundo as orientacións da xefa ou do xefe do departamento de orientación

3. Realizar, ao final de curso e segundo o modelo facilitado polo departamento de orientación, o informe de apoio educativo do alumnado ao que atendeu.

d) Por parte do resto do profesorado:

1. Realizar a adaptación curricular da área que ten encomendada, no caso do alumnado ao que se decidiu aplicar esa medida, dentro dos prazos acordados e segundo o modelo establecido para o centro.

2. Facilitar ao profesorado titor, no que atinxe á súa área, a competencia curricular daquel alumnado ao que se vai solicitar unha avaliación psicopedagóxica.

e) Por parte da xefa do departamento de orientación:

1. Realizar a proposta de intervención do profesorado de PT e AL unha vez considerada a opinión dese profesorado e do profesorado titor.

2. Diseñar e dar a coñecer os modelos de demanda dunha avaliación psicopedagóxica por parte do profesorado titor e por parte das familias.

3. Responsabilizarse de que o departamento de orientación deseñe os modelos de documentos necesarios para o desenvolvemento deste plan (modelo no que planificar as áreas dunha adaptación curricular, modelo de informe fin de curso do profesorado de apoio, modelo de informe tutorial das medidas de reforzo educativo, etc.).

4. Diseñar, aplicar e informar ao profesorado titor, ás familias e ao alumnado dos resultados do programa preventivo de identificación do alumnado con necesidade específica de apoio educativo, así como das medidas educativas que, de ser o caso, corresponden.

5. Promover a elaboración e posta en práctica dos programas preventivos e de atención á diversidade que o centro considere necesarios.

f) Por parte do DO

1. A finais de cada curso escolar o DO avalía as necesidades atopadas o curso que remata coas aportacións que cada docente demanda.

2. Deseño das liñas de actuación para o curso próximo

g) Por parte do profesorado coordinador de ciclo/nivel:

1. Informar ás persoas integrantes do ciclo/nivel que coordina dos documentos sobre os que traballa o departamento de orientación, promovendo a análise daquelas propostas sobre as que o citado departamento solicita opinión do ciclo.

2. Trasladar ao departamento de orientación as opinións e propostas do ciclo/nivel que coordina.

h) Por parte da Comisión de Coordinación Pedagóxica

1. Velar polo plan.

**11. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS.**

Para que o proceso educativo teña continuidade e se realicen as conexións oportunas entre todas as intervencións que se realizan no centro, debemos de entender que o propio é adaptar as circunstancias (profesorado, recursos, materiais, servizos externos...) a realidade do alumno/a. O Decreto 229/2011, do 7 de decembro, establece nun dos seus principios que *“A intervención educativa basearase nun enfoque multidisciplinar e de colaboración e coordinación entre os diferentes profesionais”*.

Enténdese por coordinación interna:

- a. Un proxecto común
- b. Unha mesma concreción curricular
- c. Unha promoción entre ciclo/nivel común

Enténdese do anterior;

- Que os documentos do expediente teñen que ser comúns.
- O centro ten que manexar instrumentos de xestión e organización con criterios claros para o seu seguimento e avaliación.
- O manexo de criterios claros por parte do claustro acerca da metodoloxía considerando ao alumno como o axente do seu aprendizaxe e que promova o dominio das competencias clave.
- O consenso acerca da avaliación inicial.
- Unificar os modelos de informes de fin de nivel, reforzo, apoio educativo e etapa.
- Coordinación entre as etapas.
  1. De educación infantil a primaria, terá lugar unha reunión antes do comenzo de curso convocada e presidida pola dirección do centro entre o equipo docente do 6º curso de educación infantil e do 1º nivel de educación de primaria. A esta reunión debe de asistir a xefa do departamento de orientación.
  2. Entre as etapas de primaria e secundaria. A colaboración ou coordinación co centro adscrito debe dar para:
    - O traslado de toda a información que debe acompañar o expediente do alumnado.
    - O intercambio de información entre as xefaturas dos departamentos de orientación dos distintos centros.

- As posibles reunións entre os equipos docentes afectados (o do centro educativo de curso que acaba de rematar e o do centro educativo do curso que acaba de comezar). Estas reunións, de ser o caso, deberán convocarse conxuntamente polos equipos directivos de ambos centros.

## **12. CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO.**

O citado con anterioridade Decreto 229/2011 dispón que “*Os centros educativos promoverán a implicación das nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado ...*” e que estas recibirán “*... información e asesoramento que lles axuden no seu labor educativo, faciliten a comunicación co profesorado e potencien a participación na vida dos centros*”. En consecuencia, para dar contido a esa colaboración, establécense as seguintes accións:

1. Establecemento dunha hora semanal de visitas tutoriais.
2. Mantemento dunha reunión tutorial xeral obrigatoria ao rematar cada un dos trimestres.
3. Determinación dos contidos mínimos a tratar nesas reunións, sendo estes os seguintes:
  - a. Primeira reunión obrigatoria:
    - Información básica sobre o modelo educativo que preside o PEC.
    - Información sobre a CC, a súa autoría e utilidade.
    - Información sobre o calendario escolar.
    - Aclaración da liña metodolóxica usada na aula e sobre aspectos como: materiais necesarios, contidos a traballar, actividades de aprendizaxe, criterios e instrumentos de avaliación, actividades de reforzo e de ampliación, apoios e RE, criterios de promoción, nivel de colaboración familiar, a información ás familias, etc.
    - Información dos principais aspectos das NOFC e da PXA, en concreto: estrutura organizativa, horarios de cada clase e criterios usados, horas de tutoría e/ou atención ás familias, actividades complementarias e extraescolares, control da asistencia e xustificación das faltas, normas de convivencia, etc.



- Información sobre os programas do departamento de orientación e outros para atender a diversidade.

b. Segunda reunión:

- Información sobre o desenvolvemento do programado.
- Desenvolvemento dalgunha actividade formativa para as familias.

c. Terceira reunión:

- Información dos resultados.
- Orientacións para o período vacacional.

4. Disponibilidade para recadar e/ou trasladar aos servizos sociais, sanitarios, asistenciais, etc. aquela información relevante para o proceso educativo. Este “trasvase” de información deberá realizarse formalmente (por escrito), previa solicitude escrita e fundamentada.

### **13. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.**

Estes documentos son facilitados pola Xefa do Departamento de Orientación e están arquivados na secretaría do centro.

A continuación faise unha relación destes documentos:

- Autorización para a intervención por parte do equipo de orientación específico.
- Informe do profesorado de apoio sobre as medidas de apoio educativo.
- Solicitude de dictamen de escolarización.
- Opinión da familia sobre a proposta de escolarización.
- Autorización para recibir apoio fóra da aula.
- Autorización para recibir reforzo educativo.
- Autorización para levar a cabo unha avaliación psicopedagóxica.
- Non asinación da autorización para realizar unha avaliación psicopedagóxica.
- Opinión dos pais sobre a proposta de adaptación curricular.

### **14. PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.**

O seguimento e avaliación deste PXAD realizarase segundo o procedemento seguinte:

1. Ao final de curso o departamento de orientación, considerando os informes de execución facilitados polos diferentes ciclos/niveis a través do seu coordinador ou

coordinadora, emitirá un informe, que trasladará ao equipo directivo.

2. A dirección do centro responsabilizarase da análise do informe anterior polo claustro de mestres e da posterior incorporación ao seguimento da PXA.

3. Ao final de curso, seguindo o procedemento que figura nas dúas epígrafes anteriores, realizarase a avaliación do PXAD. Nesa avaliación figurarán, de ser o caso, as propostas de mellora para o curso seguinte.

4. Tanto o informe de avaliación como, de ser o caso, as propostas de mellora incorporaranse á memoria final da PXA.

5. O seguimento e a avaliación por parte dos diferentes equipos de ciclo/niveis realizarase en base aos seguintes indicadores:

a. Elaboración dun programa para a mellora da comprensión lectora.

b. Elaboración dun programa de ensinar a pensar.

c. Aplicación do programa para a mellora da comprensión lectora.

d. Aplicación do programa de ensinar a pensar.

e. Práctica do modelado e establecemento de rutinas de traballo.

f. Promoción do traballo colaborativo.

g. Valoración do esforzo e potenciación da autoestima.

h. Coordinación vertical e horizontal das programacións das diferentes áreas.

i. Adaptación dos tempos e dos instrumentos de avaliación ás circunstancias do alumnado.

j. Seguimento de criterios para a adscrición do alumnado.

k. Seguimento dos criterios para a adscrición do profesorado.

l. Seguimento dos criterios para a utilización dos servizos de apoio.

m. Seguimento do programa modelo de solicitude de intervención da xefatura do departamento de orientación por parte do profesorado.

n. Seguimento do programa modelo de solicitude de intervención da xefatura do departamento de orientación por parte das familias.

o. Seguimento do programa para a acollida do alumnado e do profesorado de nova incorporación.

p. Seguimento do programa para a preparación do alumnado e das súas familias para a ESO.

- q. Seguimento do modelo no que planificar as áreas dunha adaptación curricular.
- r. Elaboración dun programa para a identificación do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- s. Elaboración dun informe titorial sobre as medidas de reforzo educativo aplicadas a cada alumna ou alumno.
- t. Elaboración dun informe final de curso, por parte do profesorado de PT e/ou AL, sobre as medidas de apoio educativo.
- u. Seguimento dun programa de habilidades sociais.

O departamento de orientación, considerando os indicadores citados, responsabilizarase da elaboración dos diferentes modelos de informes.

## **15. ANEXOS.**

Os anexos, ao igual que os documnetos mencionados no punto 13 deste documento atópanse arquivados na secretaría do centro, e son os que a continuación se relacionan:

- Anexo 1: Documento de avaliación inicial de Educación Infantil.
- Anexo 2: Rexistro de Audición e Linguaxe.
- Anexo 3: Rexistro de Pedagogía terapéutica.
- Anexo 4: Informe individualizado de Reforzo Educativo.
- Anexo 5: Protocolo a seguir para as intervencións de RE por parte dos especialistas de PT e/ou AL ou apoio educativo.
- Anexo 6: Petición de intervención do Departamento de Orientación:  
Ficha individual de recollida de datos de alumnos/as.
- Anexo 7: Recollida de datos anuais para o PXAD.
- Anexo 8: Cuestionario previo de avaliación psicopedagóxica en Educación Primaria.
- Anexo 9: Cuestionario previo de avaliación psicopedagóxica para Educación Infantil.
- Anexo 10: Protocolo de elaboración da Adaptación Curricular.

Documento de adaptación curricular.

- Anexo 11: Expediente de solicitud de flexibilización de escolarización por sobredotación intelectual.